

O Kalivera 30 H.P., novela de Xulián Manuel Magariños Negreira. ▶



O atleta Ramón Magariños Magán.

MAGARIÑOS MAGÁN, Ramón. Atleta natural da Estrada (Pontevedra), onde naceu o 16 de febreiro de 1948. Campión nacional absoluto de 100 (1967, 1968 e 1969), 200 (1968 e 1969) e 400 (1966) metros lisos, as súas mellores marcas persoais foron, respectivamente, 10,4, 20,8 e 46,4 segundos. Así mesmo, en 1968 participou nos Xogos Olímpicos de México, nos que se clasificou na quinta posición na súa serie de 400 metros lisos cunha marca de 46,9 segundos, o que motivou que finalmente quedase eliminado. Posteriormente abriu unha cafetería en Vigo. (Pablo Galego Feal e Alfonso Posada Sánchez)


MAGARIÑOS NEGREIRA, Xulián Manuel. Xurista e escritor orixinario de Negreira, municipio coruñés no que naceu en 1904 e no que faleceu prematuramente en 1934. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (1928), alternou a súa profesión de avogado coa súa vocación cultural e galeguista. Deste xeito, significouse como un dos cofundadores do Seminario de Estudos Galegos (1923), entidade na que traballou na Sección de Filoloxía, e realizou, xunto con Filgueira Valverde, Luis Tobío Fernández e Cordal Carús, "Vocabulario popular galego-castelán", que en 1926 saíu por entregas en *El Pueblo Gallego* ata o termo treva.

Ademais elaborou unha vasta producción histórico-literaria, que non pudo editar na súa totalidade e que ás veces asinou co pseudónimo de *Julio Marín*. De certo, xunto coas novelas *O Kalivera 30 H.P.* (1926) e *O filósofo de Tamarica* (1926), a súa obra abarca tanto escritos

socio-históricos relativos á súa vila natal, denominados por el mesmo como *notas retrospectivas de Negreira*, coma traballo de estudo e ensaio que dedicou á vida do estudiante en Santiago de Compostela e sobre todo a afondar no coñecemento da arte e literatura galegas e no desenvolvemento dunha conciencia de Galicia, tarefa que aglutinaba tódolos seus compañeiros de xeración e que non impidiu que, de maneira esporádica, tamén realizase incursións noutros ámbitos. Boa parte deste labor verteouno en numerosos artigos que apareceron en publicacións periódicas como *Nós*, *A Nosa Terra*, *El País Gallego*, *El Compostelano*, *El Eco de Galicia*, etc. Entre estes traballos a crítica destacou os seus escritos sobre Afons' Eanes do Coton polo seu esforzo por recupera-la personalidade humana e creativa deste trobadour.

En 2004, con ocasión do centenario do seu nacemento, o Concello negreirés, que xa constituíra o Premio de Novela Curta Xulián Magariños Negreira, proclamou o Ano de Xulián Magariños. Ó longo deste, leváronse a cabo distintas homenaxes, así como un congreso sobre a súa figura e o seu legado que culminou coa erección dun monumento na súa memoria. Nesta mesma liña cómpre situa-los distintos textos que se publicaron sobre a súa obra, especialmente o volume *Xulián M. Magariños Negreira: un home da "Época Nós"* (1988). [Xosé Amancio Liñares Giraut et al.]

MAGARIÑOS SUEIRO, Alfonso. Escritor, historiador e profesor nado en Arcos (Cuntis, Pontevedra) o 3 de outubro



bro de 1936. Logo de cursar estudos nos seminarios de Tui e Vigo e de licenciar-se en Teoloxía, Ciencias Sociais e Xeografía e Historia polas universidades de Roma, Madrid e Santiago de Compostela, exerceu como mestre de Socioloxía na Escola Universitaria de Relacións Laborais de Vigo e como profesor de Xeografía e Historia nos institutos da Guarda, Marín, A Guía e Mos –centro no que se xubilou.

Integrante electivo do Consello Presbiteral polos Consiliarios Diocesanos de Apostolado Segrar, secretario da Comisión Permanente do Consello Presbiteral Diocesano e director de *Boletín del Movimiento por un Mundo Mejor* (1966-69), distinguiuse como cofundador e membro do equipo directivo das revistas *Nova Galiza* e *Encrucillada*. Nestas e noutras publicacións periódicas nacionais –como *Grial*, *Tiempo de Historia*, *A Taboada*, *Primera Plana*, etc.– editou numerosos artigos de carácter xornalístico ou sociohistórico, algúns baixo o pseudónimo de *Dámaso Nevares*. Ademais destes traballos e dos que deu a coñecer en distintos libros colectivos, foi autor dos volumes *Sacerdotes de ayer* (1972), *¿Quiénes somos los gallegos?* (1979), *Galicia: conflicto y supervivencia* (1979), *A emigración: modernización e cambio social na Galicia contemporánea 1900-1936* (1999), *A obra educativa e cultural dos emigrados* (2000) ou *A demografía na Galicia contemporánea, 1900-1936* (2003), entre outros. (Xoán Martínez Tamuxe et al.)



Alfonso Magariños Sueiro

GRAN ENCICLOPEDIA
GALEGA
SILVERIO CAÑADA

TOMO XXVII

LUGO - MARIM